

informa TEO

MEDIO
NATURAL

A veciñanza e as forzas políticas rexeitan o novo plan de Toysal

O Concello de Teo remitiulle ao Departamento de Minas da Consellaría de Industria o informe sobre o plan de restauración que presentou a empresa Toysal para a concesión da explotación mineira 'A Casalonga'. O informe foi solicitado pola Xunta o 14 de setembro e enviouse o día 25.

Os técnicos municipais advirten no documento que "existe un erro en canto ao ámbito sobre o que se debe desenvolver a restauración da explotación da Casalonga, que deberá ser solucionado para continuar coa tramitación". De todos os xeitos, o informe municipal nin é vinculante nesta tramitación nin leva ao peche automático do expediente.

Uso fraudulento da normativa

A tramitación do plan de restauración coincide no tempo co arquivo do expediente do proxecto de planta de residuos. O alcalde de Teo, Rafael Sisto, destaca que "non se pode utilizar un plan de restauración dunha canteira abandonada para instalar un vertedoiro". A normativa establece que a restauración de canteiras debe reparar as consecuencias da actividade mineira, pero "Toysal pretende utilizar fraudulentamente a norma para unha actividade na que o negocio se atopa no lixo que quere enterrar na restauración e non na explotación dos dereitos mineiros adquiridos", tal como afirma o rexedor.

O Concello traballará "para evitar esta utilización perversa da normativa de minas que busca evitar as limitacións ambientais", explica Sisto, que insiste en reclamarlle á Xunta que adapte a regulamentación para evitar este tipo de proxectos "que unha vez autorizados nin a propia Administración autonómica é quen de controlar".



O rexeitamento frontal da veciñanza e das forzas políticas ao plan de restauración de Toysal foille transmitido á Directora Xeral de Calidade Ambiental da Xunta nunha reunión na que participaron representantes da Plataforma A Casalonga Limpa de Residuos e de distintas formacións políticas.

9,2 millóns de metros cúbicos de residuos

O plan de restauración pretende encher o oco da canteira con case 9,2 millóns de metros cúbicos de residuos de prospección, extracción de minas e tratamentos físicos e de minerais, residuos de procesos térmicos e entullos de construción e demolición. Ao final, colocarían unha capa de terra vexetal ou de tecnosolos para facilitar a revexetación da zona •

A empresa pretende tramitar agora unha suposta restauración da canteira, na que enchería o oco con case 9,2 millóns de metros cúbicos de residuos

A renovación da iluminación pública chega ás zonas urbanas

A renovación da iluminación pública municipal chegará nas próximas semanas ás urbanizacións e ás zonas urbanas do concello. As novas luminarias contarán con equipo de telexestión, de maneira que se poderá adaptar a luminosidade ás diferentes necesidades de cada zona e ás distintas condicións que se dan ao longo do ano.

Proximamente tamén se mellorará a iluminación de dez pasos de peóns dobres situados ao longo das estradas AC-840 e N-550 e dotaranse de iluminación os espazos naturais da Burga de Xermeade e do Xirimbao.

Os traballos de renovación dos sistemas de iluminación pública xa se viñeron desenvolvendo nos últimos meses na zona rural. Neste caso, as principais medidas do plan consisten na substitución de cadros eléctricos e no cambio de luminarias.

Aforro anual de máis de 300.000 euros

Este proceso de renovación integral é o maior investimento acometido nunca polo Concello. Ascende a case 2,7 millóns de euros e está financiado por un préstamo do Instituto para la Diversificación y Ahorro de Energía (IDAE). Os cambios permitirán un aforro de máis de 300.000 euros anuais en consumo enerxético. Renóvanse case 6.200 luminarias con tecnoloxía LED, o 87% das existentes no municipio. Cos novos sistemas mellora a seguridade ao renovar conexións, cableado e centros de mando •



SERVIZOS BÁSICOS



Teo e Ames acordan o reparto de custos da depuradora de Calo

Os alcaldes de Teo, Rafael Sisto, e de Ames, José Miñones, asinaron o convenio de colaboración no que se regula o reparto dos custos da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Calo, que dá servizo a zonas dos dous municipios. O novo acordo recolle de maneira máis axeitada a realidade actual de cada concello para determinar a súa participación nos custos desta infraestrutura, proxectada en 1998.

Os custos de xestión están avaliados nuns 108.000 euros ao ano, sen incluír a electricidade, de acordo cun estudo encargado a Augas de Galicia. O novo reparto dos custos terá en conta o número de vivendas que verten á EDAR. Para iso, cada Concello elaborará unha listaxe anual de vivendas conectadas ao servizo da depuradora.

O acordo, que lle outorga a Teo a administración, xestión e mantemento da EDAR, sinala que para antes de 2019 o criterio que se aplicará é o do número de habitantes. Así, de 2013 a 2017 Ames terá que pagar a Teo case 296.000 euros. As anualidades de 2013 e 2014 ten que pagalas antes de que remate 2018, as de 2015, 2016 e 2017 antes da fin de 2019 e a de 2018, aínda pendente de liquidación, antes do final de 2020.



O obradoiro Reforesta, que Teo promove en solitario, desenvolverá as súas prácticas en parcelas municipais e áreas como a do Xirimbao

EMPREGO Teo desenvolve dous obradoiros de emprego

Neste inicio de curso, o Concello de Teo desenvolve dous obradoiros de emprego, un en solitario relacionado co ámbito forestal e outro compartido co Concello de Santiago sobre tecnoloxía web. Son os primeiros obradoiros de emprego no municipio desde hai máis de vinte anos, cando tivera lugar o primeiro e único que lle fora concedido ata agora.

Como será cada obradoiro?

No obradoiro no que Teo é promotor único, denominado REFORESTA, oito persoas formaranse na especialidade de repoboacións forestais e tratamentos silvícolas e poderán obter un certificado de profesionalidade con validez estatal. Ademais, complementan a formación con módulos de aproveitamentos forestais.

En total serán 1.440 horas de formación teórica e práctica durante nove meses. As persoas beneficiarias disporán dun contrato de traballo e percibirán un salario durante a súa participación. O programa de prácticas laborais inclúe diferentes actuacións de repoboación con especies autóctonas, podas, talas e

limpezas forestais en varias parcelas de titularidade municipal.

O obradoiro conxunto con Santiago de Compostela chámase HABILITS. As súas beneficiarias son persoas mozas, a partir de dezaoito anos de idade, que figuran no ficheiro do sistema de garantía xuvenil. A especialidade na que se formarán é a de desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxía web. Con nove participantes, terán un contrato laboral durante seis meses, nos que sumarán 960 horas de formación e prácticas. Van desenvolver unha aplicación de xestión de información de interese municipal, que se instalará en varios puntos de información repartidos polo concello.

Que é un obradoiro de emprego?

Os obradoiros son programas mixtos de formación e emprego ideados para que persoas desempregadas poidan mellorar as súas opcións no mercado laboral, tanto coa mellora da cualificación profesional como coa adquisición de experiencia laboral en obras e servizos de utilidade pública e interese social •

Lampai estrea o parque infantil renovado polo Concello



O parque infantil foi dotado de xogos con materiais de alta durabilidade e a súa contorna foi acondicionada para facilitar a utilización por parte de toda a veciñanza

O Concello xa rematou a renovación do parque infantil de Lampai, situado na contorna da Casa Común no lugar de Mosteiro. O Departamento de Servizos Básicos, que dirixe o concelleiro Xurxo Francos, investiu case 20.000 euros de fondos municipais nestas novas instalacións.

Os traballos consistiron en colocar varias pezas que permiten que o parque sexa utilizado polos nenos e nenas desde moi pequenos. En concreto, o parque dispón de bambáns con cesta e con asento, dous balancíns e un xogo de escalada con tobogán.

A intervención na zona do parque completouse cos instalación dunha mesa e o pintado das portarías da pista deportiva anexa. Deste xeito, coa habilitación dun espazo tan completo, deuse resposta a

unha demanda da veciñanza, dado que nesta parroquia non existen outros parques infantís.

Reparación de fontes

O concelleiro Xurxo Francos explicou tamén que nas últimas semanas reparouse unha fonte na parte baixa do cemiterio municipal en Montouto, feita case desde cero, e outra en Vilanova (Oza).

Instalación de lombas redutoras

Por outra parte, Servizos Básicos atende as solicitudes de instalación de bandas redutoras en estradas municipais para atallar os excesos de velocidade nos que incorren algunhas persoas. É unha das preocupacións máis recorrentes da veciñanza en materia de seguridade viaria e tamén unha petición do Consello Local da Infancia e da Adolescencia.

Por iso, colócanse case corenta lombas redutoras de velocidade cun investimento de algo máis de 30.000 euros. Emprázanse en Cascalleira, Rúa Ledín, Rúa das Viñas, Vilar de Calo, San Domingo-Mazas, Bustelo-Igrexa de Luou, Fornelos, Casal de Reis, Outeiro, Ribeira, Lucí, Pite, Guldrís, Requián-Casal do Miro, Campo da Cañoteira-Osebe, Feros-Cruceiro-A Torre, Parque Montouto e Monte •

URBANISMO Rematadas as melloras nos pavillóns dos Tilos e da Ramallosa

As obras de mellora nos pavillóns polideportivos municipais dos Tilos e da Ramallosa xa están rematadas. Foron acometidas polo Concello con cargo a unha subvención concedida pola Deputación da Coruña.

Nos Tilos os traballos consistiron en acondicionar os vestiarios e o túnel de acceso, así como os aseos e as portas interiores. Tamén foron melloradas as condicións de seguridade da varanda instalada sobre as bancadas e, entre outras pequenas melloras, pintáronse as paredes da pista de xogo.

No pavillón da Ramallosa, que leva o nome do ciclista Ezequiel Mosquera, a principal intervención foi a reparación do pavimento da pista de xogo, que recibiu un novo tratamento da súa superficie. Tamén é destacable a mellora das condicións de humidade na instalación. Dáse así resposta a unha queixa moi reiterada por parte das persoas que utilizan esta infraestrutura deportiva. Os traballos executados facilitarán a práctica de deporte no polideportivo.

Ascensor no edificio da Policía Local

As obras nos pavillóns dos Tilos e da Ramallosa forman parte dun proxecto máis amplo subvencionado pola Deputación, que en conxunto foi licitado cun importe económico duns 52.000 euros.



Outro dos traballos destacados deste mesmo proxecto é a instalación dun ascensor no edificio da Policía Local situado na Ramallosa. Esta obra está a piques de rematar, co que quedarán solucionados os problemas de accesibilidade ás dependencias deste servizo municipal. A resolución desta carencia era unha das prioridades das concellarías de Urbanismo e de Infraestruturas •

As melloras benefician diversos puntos dos dous pavillóns, como a pista de xogo do polideportivo da Ramallosa

INFRAESTRUTURAS

Reformas no centro sociocultural Constante Liste

Este mes de outubro comezan as obras de reforma no centro sociocultural Constante Liste na Ramallosa. O investimento supera os 200.000 euros e conta con financiamento da Xunta de Galicia. Servirá para mellorar os illamentos térmicos e a accesibilidade.

En concreto, as fachadas recibirán un revestimento con placas illantes e selaranse as fendas. Nas xambas e linteis de portas e ventás tamén se instalarán revestimentos e no acceso construírse un cortaventos con dobre porta de entrada no edificio.

Ademais, renovarase a carpintaría exterior coa substitución das 24 ventás e das galerías laterais con cristal dobre con cámara. Os marcos das xanelas e das galerías serán selados. Tamén está prevista a renovación da cuberta para evitar a entrada de humidades.

En canto á accesibilidade, instalarase unha barra na rampla de entrada, haberá un novo acceso para cadeiras de rodas e habilitarase un aseo adaptado.



DEPORTES Case mil persoas súmanse ás escolas deportivas e culturais municipais

O Concello xestiona nesta nova tempada as clases de natación na piscina climatizada que en cursos anteriores viñan desenvolvendo as ANPAS



O número de persoas usuarias das escolas deportivas de Teo non deixa de medrar cada curso. Este ano acádanse as 754, se ben coas inscricións admitidas fóra de prazo está previsto rebasar as 800, sumando as de nenos e nenas e as de persoas adultas.

No curso anterior a cifra quedara en 689, se ben hai que ter en conta que agora o Concello xestiona tamén os cursos de natación que viñan desenvolvendo as ANPAS. En 2016 ocupáranse 569 prazas e en 2015 foran 529.

En canto ás escolas culturais, a programación vai consolidando ano tras ano a súa demanda. Neste curso 2018-2019 compútanse un total de 148

alumnos e alumnas. De momento, descende un pouco en comparación co curso pasado, cando se inscribiron 170 persoas, pero hai que ter en conta que nestas escolas hai persoas adultas que aínda se anotan fóra de prazo. En todo caso, este curso xa está por riba de 2016-2017, cando foran 143.

A renovación da oferta, con obradoiros de robótica ou danza contemporánea, ten moi boa acollida e siúntase á par de propostas tradicionais. A maior demanda rexístrase nos obradoiros de artes plásticas, con grupos en Ameneiro (39 persoas) e en Tras do Eixo (29 persoas). Séguelles os obradoiros de programación (20), de guitarra (16), de teatro (grupos de 14 e de 10), de circo (11) e de danza (9) •



CULTURA

Formación universitaria para maiores de 50 anos

A Biblioteca Pública do Grilo, en Cacheiras, acollerá en outubro catro clases do programa 'Camiños de coñecemento e experiencia', da Universidade de Santiago de Compostela. Esta iniciativa ofrece formación para persoas maiores de 40 anos.

A primeira clase será o 4 de outubro e versará sobre o papel da familia na educación, o 11 de outubro desenvolverase un obradoiro de estilos educativos parentais e o 18 de outubro a clase levará por título *Invitación a un concerto (teoría)*. Todas estas sesións son de 16:30 a 18:00 horas. As dúas seguintes mudan o horario e van de 10:30 a 12:00 horas: o 25 de outubro unha clase teórica de medio ambiente e o 26 de outubro unha visita ao Punto Limpo de Teo. As persoas que desexen máis información ou matricularse poden chamar ao 981 815 700 ou acudir ao Departamento de Cultura e Educación no Auditorio Constante Liste na Ramallosa, á Biblioteca Pública do Grilo ou á Biblioteca Pública dos Tilos.

Cinco cousas que debes saber sobre o bono social eléctrico

Este 8 de outubro remata o prazo para renovar o bono social eléctrico. Desde o servizo municipal de asesoramento sobre a factura eléctrica explícanos os principais aspectos que debemos coñecer sobre este posible desconto.

Que pasa exactamente o 8 de outubro?

Remata o prazo para solicitar a renovación de todos os bonos sociais anteriores a outubro de 2017. Entón foi cando se publicou o decreto que regula o novo bono social. Houbera un prazo inicial de seis meses, que despois prorrogouse outros seis meses e remata agora.

Se non se renova, pode solicitarse de novo?

Si. Para iso non hai un prazo. Pódese solicitar indefinidamente. O que sucede se non se renova é que haberá que pagar a electricidade a prezo normal desde que caduca o bono ata que se solicite.

Que cambios introduciu o novo bono social?

O novo valora sobre todo a situación socioeconómica da unidade familiar, tendo en conta o nivel de renda, o tipo de familia, a existencia ou non de menores, a presenza de persoas con discapacidade e, por suposto, situacións de risco de exclusión social ou de violencia de xénero.



Cales son os descontos?

Segundo as condicións socioeconómicas, o bono social clasifica as solicitudes entre:

- Vulnerable: desconto do 25% na factura ata uns límites de consumo que varían segundo as características e os niveis de renda da unidade familiar;
- Vulnerable severo: para niveis de renda inferiores aos da tipoloxía anterior, cun desconto do 40% na factura.
- En risco de exclusión social: desconto do 100% na factura para solicitudes calificadas como 'Vulnerable severo' que sexa atendidas polos Servizos Sociais e paguen polo menos o 50% do importe da súa factura. a este colectivo non se lle pode cortar a subministración.

Como se solicita?

Animamos a acudir os mércores (10:00 a 12:00 horas) ao servizo de asesoramento no Concello. As solicitudes agora son máis complexas, pero no Concello pódense recoller os impresos e obter toda a axuda para cubrilos e tramitalos •

O servizo de asesoramento funciona os mércores de 10:00 a 12:00 horas no Concello e ofrece toda a axuda para tramitar o bono

FACENDA

Información do Catastro en Cacheiras ata o 15

O Catastro mantén aberta a súa oficina de información sobre a nova ponencia de valores ata o 15 de outubro na Casa Común de Cacheiras. O servizo está atendido de luns a venres entre as 9:00 e as 14:00 horas e tamén nas tardes dos xoves e dos venres entre as 16:00 e as 18:00 horas. Para acudir é aconsellable obter cita previa no 902 373 635 ou no 913 874 550.

Nesta oficina explican os novos valores dos inmobles que o Catastro notificou por correo postal. As persoas que observen algún erro ou non estean de acordo co novo valor poden alegar.



AXENDA

Outubro de 2018



Mércores Asesoramento sobre a factura eléctrica.
De 10:00 a 12:00 h. Salón de Plenos da Casa do Concello.

Venres Mercado en Cacheiras.

Sábados Mercado do Alimento Labrego nos Tilos.

3 Mércores. 20:00 h. Acto da memoria no 82 aniversario do asasinato de Constante Liste. **Presentación do libro** 'Historia de la Guerra Civil contada por dos hermanas', de Lourenzo Fernández Prieto. Auditorio Constante Liste.

4 Xoves. 13:00 h. **Sorteo dos premios** para as persoas consumidoras do certame **TapTeo**. Neste mesmo acto público darase a coñecer o **resultado do xurado** sobre as mellores tapas. Salón de Plenos do Concello.

5 Venres. 11:30 h. **Teatro 'Normas para saber vivir na sociedade actual'** de Sarabela Teatro. IES de Cacheiras.

5 Venres. 19:00 h. **Contacontos infantil 'Os contos de Grúfalo'** de Pedro Brandariz. Biblioteca dos Tilos.

5 Venres. 21:30 h. **Teatro 'Normas para saber vivir na sociedade actual'** de Sarabela Teatro. Auditorio Constante Liste.

6 Sábado. 21:30 h. **Teatro 'Full Monty Anda Asociación'** da Asociación prosaúde Mental. Auditorio Constante Liste.

8 Luns. 20:30 h. **Charla informativa** sobre o **bono social eléctrico**. Local da asociación veciñal de Recesende.

11 Xoves. 18:00 h. **Marionetas** para público infantil **'A cabeza do dragón'** de Títeres Cachirulo. Biblioteca dos Tilos.

13 Sábado. 18:30 h. **Teatro infantil 'Pum Pum'** da compañía Baobab. Auditorio Constante Liste.

15 Luns. 18:00 h. **Obradoiro de ilustración con Óscar Villán**. Biblioteca do Grilo. Cacheiras.

18-19-25-26 Xoves. 21:00 h. **Teatro 'Anatomía dunha serea'** de Berberecheira-Chévere Teatro. Venda de entradas en redenasa.tv ou na billeteira trinta minutos antes da función. Auditorio Constante Liste.

19 Venres. 18:00 h. **Contacontos infantil 'Como axudo a Antón?'** de Os Biosbardos. Biblioteca do Grilo. Cacheiras.

20 Sábado. 18:30 h. **Teatro infantil 'Ela' (Maruxa Mallo)** de Caramuxo. Auditorio Constante Liste.

20 Sábado. 11:00 h. **Día contra o cancro de mama. Masterclass solidaria de zumba**. Impartida por Noe Castiñeiras. Colaboración asistindo á clase e mercando os lentes solidarios (10 euros). Pavillón de Calo.

21 Domingo. 19:00 h. **Teatro 'A vida nun fio'** do Obradoiro Municipal de Teo. Auditorio Constante Liste.

24 Mércores. 18:00 h. **Contacontos infantil 'As historias viaxeiras'** de Kamishibai e teatro de papel. Biblioteca dos Tilos.

26 Venres. 18:00 h. **Contacontos infantil 'Contos vivos que fan poesía'** de Chío Couto. Biblioteca dos Tilos.

27 Sábado. 17:30 h e 18:30 h. **Teatro para bebés 'A alfombra máxica'** de Babaluva. Máximo 25 bebés por sesión. Inscricións en Cultura. Biblioteca dos Tilos.

27 Sábado. 21:00 h. **Cea con animación musical**. Inscricións no 981 809 707 do 1 ao 15 de outubro. Aprox. 20 €. Hotel Congreso.

31 Mércores. 19:30 h. **Musical infantil teatralizado 'Casa do terror'** de Xoán Curiel. Auditorio Constante Liste.